

MICROTOPONIMIA DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CELA

RUBÉN BASTÓN MEIRA - ALEJANDRO COBAS PIÑEIRO

I.- INTRODUCCIÓN.

Santa María de Cela é unha parroquia pertencente ó concello de Bueu, na península do Morrazo situada entre montañas, dous ríos e a ribeira marítima con cinco fermosas praias.

Na franxa septentrional limita co mar e coa parroquia de Santa María de Ardán (Marín). Tamén con Ardán e mais con Moaña limita no lado do leste. Polo sur limita co concello de Moaña, e polo occidente coa parroquia de San Martiño de Bueu.

Existen dúas hipóteses sobre a orixe e significado do topónimo “Cela” e as dúas teñen a súa orixe no vocábulo latino “cella”:

- Graneiro, despensa, lugar onde se garda o millo.
- Celda, lugar pechado, convento...

Esta última hipótese cobra moito peso debido a existencia dun mosteiro na zona de Cela, xa que no século X fundouse un no lugar de Hermelo

A primeira referencia escrita do topónimo Cela da que se ten coñecemento data do ano 1266 “... Duo Casalias in Cela et...” (Testamento do arzobispo Juan Arias).

Cela conta con diversas construcións artísticas e puntos de interese, donde se poden observar diferentes estilos e culturas, entre as que destacan:

- Igrexa románica de Santa María de Cela, de traza sanjuanística, do século XII.

- Unha capela: a de San Antón, do século XVIII. Situada no Torrón.

- Unha casa-pazo, con dous escudos nobiliarios, no Torrón, do século XVII.

- Dúas casas brasonadas: unha no lugar da Torre, e outra no lugar de Pousada, coñecida co nome de “Casa de Friande”, do século XVII.

- Restos dunha torre no lugar que leva o seu nome, Torre. dos séculos XVI-XVII.

- Corenta e tres muíños espallados polos dous ríos da parroquia, dos séculos XVIII-XX.

- Un pequeno mosteiro e unha casa prioral na parroquia de Santiago de Hermelo, anexa a Cela dende mediados do século XIX.

Cela conta con amplas zonas de monte onde se poden practicar deportes como parapente, sendeirismo, e seguramente outras moitas actividades que aínda non se explotaron.

O longo de todo o ano celébranse diversas festas:

- Festa da Virxe do Portal (Domingo de Pascua).

- Festa do Churrasco, en Resille (xuño).

- Festa do Corpus Christo (maio- xuño).

- Festas patronais (15-16 de agosto).

- Festa do Carmen (penúltimo domingo de agosto).

- Festas dos Mozos ou da Xuventude (último fin de semana de agosto).

É, en definitiva, unha parroquia con moitas potencialidades aínda por explotar.

II.- TOPÓNIMOS DE AGRICULTURA E SERVIDUME:

Granxa:

Esta palabra abarca as terras e dependencias dunha casa principal ou de laboura.

Limita ó nordeste coa Costiña e polo sur cun monte comunal. Está

cuberta, en gran parte, de eucalipto, pero era antigamente lugar de cultivo. Ata a Granxa chega un camiño empedrado dende a Costiña.

O feito de que esta zona reciba este nome débese a que existían tres casas de laboura (agora en ruínas) con terreos que cobraron fama na aldea pola súa extensión.

Agrelo:

Significa “agro pequeno”.

Está situado ó oeste da praia de Portomaior, separado por un pedregal existente no mar, preto da estrada C-550.

Existen diversas construcións e algúns terreos de labradío.

Tense constancia da estancia romana na zona, pois consérvanse vestixios arqueolóxicos, tales coma restos de tellas.

Existen algunhas lendas sobre o lugar:

“Hai moito tempo había un dragón, que se cre que rompeu a pedra que agora se chama “A Fendida”, que estaba agachando un tesouro soterrado polos mouros”.

Porteliña:

Este topónimo é un diminutivo de portela, lugar de paso.

É unha pequena elevación existente ó oeste do alto de Carballosa (378 m), que fai de actual limitador entre Cela e Ardán.

A chegada á Porteliña faise por unha pista forestal que vai dende Chans ata a Pastoriza.

IV.- FITONIMIA. (Neste apartado trátanse tódolos topónimos referidos ás plantas e ás árbores).

Chan do Millo:

Pequena chaira onde antigamente se plantaba millo.

Sitúase ó sur de Chans de Mogos, preto de Pastoriza. Accédese por unha pista que une Chans coa Pastoriza, antes de chegar ó forno de Arcas. Actualmente está cuberta totalmente por árbores, non quedando nin rastro das históricas eiras.

Souto (Sabarigo):

Significa “lugar de castiñeiros”.

Está situado ó sur do Outeiro. É coñecido pola empinada costa que hai, e na actualidade, só queda un castiñeiro.

Lourido (Castrelo):

Suponse que deriva do tipo de árbore loureiro, aínda que existe a hipótese de que veña do nome dun home moi louvado; o Lourido.

Está situado ó nordeste de Castrelo, preto da estrada C-550. Está poboado, pero sobre todo hai viñedos.

Carballal (Torrón):

Lugar de carballos, carballeira.

Pequeno outeiro situado dentro do enclave do Torrón.

Aínda que agora non haxa moitos carballos, os vellos recordan que na súa mocidade había moitos máis.

Carballeira:

Lugar situado en Sabarigo, no lugar das Fontiñas. Antigamente era unha carballeira; hoxe en día é utilizada como lugar de cultivo.

Punta Salgueiro:

Orixinado a partir do latín “salictum”, polo que se supón que habería moitos salgueiros.

Accidente xeográfico situado no Xistro (Monte Gordo).

Pódese chegar ata alí por un camiño estreito entre ás árbores.

V.- ZOONIMIA. (Refírese ós nomes relacionados cos animais).

Raposeira (Castrelo):

Refírese este topónimo a un lugar onde abundan os raposos, e, por ende, raposeiras.

Está situado ó norte do Con, fronte da C-550.

Cerva (Costiña):

Deriva da palabra “cervo”.

Sitúase no lugar da Costiña, o norte da Granxa. Pódese acceder a alí por unha estrada. Está cuberto de arboreda na súa práctica totalidade.

Existe a crenza de que hai gravados rupestres repartidos pola zona.

Viveiro:

Recinto propio para a cría de plantas.

Enclave situado no lugar de Devesanova. Chégase ata alí pola estrada que sobe ata Chans.

VI.- HIDRONIMIA: (Este termo engloba tódolos topónimos

relacionados coa auga).

Bouzón:

Vén do latín ibérico: “balsa”, “sitio fangoso”.

Está situado en Castrelo, a carón da estrada C-550, preto de Candeira.

Existen edificacións e tamén terreos de labradío.

Fontiña:

Como a palabra indica, este topónimo é un diminutivo da palabra fonte.

Está situado ó suroeste do Beloso e cuberto de matorrais; visto dende lonxe, provoca a impresión dunha pequena calva entre árbores.

Pódese chegar ata alí por diversos camiños dende a Barraca e o Beloso. Preto de aquí nace o río Inferno.

Muíño da Canteira (de aceas):

Á beira do río Devesanova, é o seguinte ó Cubo Vello. Este muíño é distinto dos demais, xa que o seu rodicio non é horizontal, senón vertical. Aínda que se coñecía co nome de muíño, existía alí unha canteira.

Muíño do Patrón (de rodicio):

No río Devesanova, e situado preto do lugar da Granxa.

Xa está en ruínas, pero obsérvanse ben o inferno e as partes interiores. Destaca a existencia de diversos barcos tallados e algunhas datas.

Barral:

Do substantivo “barro”. Refírese a un lugar no que había moito barro.

Está situado preto da Costiña. A estrada que vai ó Igrexario pasa ó seu carón.

Arrollo:

Lugar no que nace auga. Sitúase no centro de Chans, no que hai un pequeno nacemento de auga. Actualmente está reforestado.

Fontealta:

Sitúase no lugar do seu nome (Fontealta). Está feita en pedra e data do ano 1916. O seu carón existe un lavadeiro ó que vai xente a lava-la roupa.

Unha peculiaridade desta fonte e que no inverno bota auga templada no verán, fría.

Fonte da Nogueira:

Está situada no lugar da Nojeira, Sabarigo. Destaca pola súa antigüidade, pois data do ano 1854, e está feita de pedra.

Fonte dos pescadores:

Está situada no camiño que chega ata a praia de Covelo. Data do ano 1930, aínda que foi restaurada hai pouco. Está construída nun só bloque de pedra.

Esta fonte era usada polos pescadores cando volvían da súa laboura, de aí o seu nome.

Fontiñas:

Pequeno enclave ó sueste de Sabarigo, onde antigamente había tres pequenos regatos, que agora están unidos nesta fonte. Data do ano 1936. Está feita de pedra, e ó seu carón existe unha pía de pedra traída dunha casa cercana en ruínas.

Praia de Portomaior:

Do latín “porto maiore”.

O feito de que reciba este nome débese a que ata o ano 1970 foi utilizada como porto pesqueiro de Cela, sendo ademais unha das principais praias de pesca da ría de Pontevedra na que se utilizaban as artes xabegas.

Está situada ó carón da estrada C-550. Ten o privilexio de contar coa bandeira azul.

VII.- ORONIMIA (Término con que designa os topónimos de relevo).

Con:

Significa “pedra grande, laxe”.

Sitúase en Soalde (Castrelo), preto da estrada C-550.

O seu chan é un chan granítico. É un terreo arborado.

Outeiro:

Significa pequena elevación do terreo.

Está situado en Sabarigo e pódese chegar pola estrada C-550.

Existe algunhas edificacións na zona.

Existe a hipótese que fala das ruínas dun antigo asentamento castrense.

Chans de Cela:

Derivado do latín “planus”, que significa plano, chaira.

Pequena chaira situada no sueste da parroquia, a unha altitude de 361 m.

Existe un pequeno campo de fútbol na zona. Está repoboada de árbores; existen matorrais. Ata ela chega unha estreita estrada (desviación da estrada que sobe ó Igrexario.

Debntro dos límites que abarca este topónimo hai outros microtopónimos menores como Chans Miores, Mingarella, etc.

Pedra Fendida:

Como ben di o nome, refírese a unha rocha partida.

Está situada na praia de Agrelo e recoñécese como punto de división entre Cela e Bueu.

Existen dúas lendas: unha di que a rompeu un dragón que gardaba un tesouro escondido polos mouros, e a outra que foi un raio que a rachou.

Penedos de Pinichi:

Son grandes rochas situadas na praia de Covelo. O estaren rodeadas polo mar, son utilizadas polos xoves para lanzarse ó mar no verán. Desconfiamos que o término Pinichi sea un antropónimo, aínda que descoñecemos a súa procedencia.

Xabreira:

Vén de “xabre”, barro xa duro.

Está situado ós pés de Costagrande, na Fontealta. Existe unha antiga casa restaurada e ten fama un carballo centenario a carón do camiño que sobe dende a Fontealta ata aquí.

VIII.- HAXIONIMIA (Topónimos relacionados coa relixión e todo tipo de supersticións).

Barranqueira do Inferno:

Nome que se lle dá ó río Inferno. Refírese a un barranco situado á súa beira.

Río do Inferno:

Non sabemos se está relacionado coa relixión, pero supoñemos que debe o seu nome ós remuíños producidos no seu treito.

Atravesa a parroquia de sur a norte, nacendo no monte de Fontefría. A súa beira hai, aproximadamente, uns 20 muíños.

Prado do Cura:

Pequeno prado propiedade da igraxa parroquial. Está situado á beira do río Devesanova, na Costiña. Nas súas inmediacións existe un muíño (Muíño do Prado do Cura).

IX.- ANTROPONIMIA. (Topónimos orixinados a partir de nomes ou apelidos).

Friande:

Coñécese por este nome un pequeno lugar no que se asenta unha casa brasonada, en Pousada. Esta casa coñécese co nome de “Casa de Friande” e antigamente pertencía á familia Troncoso de Lira. No ano 1752 existía como único veciño de lugar o señor Don Raphael Troncoso Hidalgo.

Fazáns:

Apelido de persoa moi estendido por Galicia.

Sitúase en Sabarigo, preto da fonte da Nojeira.

Na zona hai tres casas restauradas no que foi un centro de poboación.

Nogueira:

Apelido típico na zona.

Está situado en Sabarigo, preto de Resille. Chégase ata aquí dende a estrada C-550. O manantial que hai alí, subministra auga á fonte que leva o nome do lugar.

Ponte de Queimaño:

Ponte construída no lugar do Antepazo, sobre o río Inferno, que leva o nome de ponte de Queimaño, descoñocéndose quen foi.

O Mouro:

Lugar situado na Torre, ó carón do río Devesanova, no cal se supón que vivía un mouro despois de que foran botados a maioría deles. Hai un muíño en malas condicións, que parou de moer no ano 1978, que

leva o seu nome.

Praia de Covelo:

Covelo é un apelido moi estendido no sur de Galicia.

Pequena praia situada ó oeste do Muiño Vello, separada deste por unha punta. É moi rochosa e chégase a ela a través dun camiño que sae da C-550. Ó seu carón existen viñedos. Antigamente existiron neste lugar dous astaleiros que construían pequenas embarcacións, tales como botes pulpeiros (típicos da zona), traíñas, xabegas, etc. Tamén se utilizou esta praia como pequeno porto de atraque para os mariñeiros de Cela. Neste lugar existe unha fonte coñecida co nome de Fonte dos Pescadores (ver Fonte dos Pescadores. Hidronimia).

Mingarella:

É un apodo, unha especie de insulto.

Situado ó sur do campo de fútbol de Chans, a carón da pista foresta que une Chans con Pastoriza.

Man
DISCO.PUB

Gus
KARAOKE

R/. Ramal dos Galos, 5 - BUEU